

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

RESOLUCIÓN do 12 de agosto de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres vítimas de violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento SI451B).

O Real decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, establece no seu artigo 10 incentivos para facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres que, como consecuencia da súa contratación teñan que trasladar a súa residencia habitual.

O dito real decreto establece catro tipos de incentivos: gastos de desprazamento, gastos de transporte de mobiliario e enseres, gastos de aloxamento e gastos de atención a menores e/ou persoas dependentes.

Na súa disposición adicional segunda o real decreto dispón que «as comunidades autónomas que asumiesen o traspaso da xestión realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito do traballo, o emprego e a formación, así como de programas de apoio á creación de emprego, exercerán as funcións que lles correspondan segundo o disposto nos reais decretos de traspasos e nas normas de procedemento e bases reguladoras para a concesión de subvencións que diten as comunidades autónomas para a súa execución en función da súa propia organización».

A competencia en materia de igualdade correspóndelle á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, segundo o disposto no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, establece que lle corresponde á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica, entre outras funcións «as de impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como a eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia,



no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia».

Pola súa banda, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece no seu artigo 35 unha serie de medidas específicas no ámbito da formación e o emprego.

O Pacto de Estado contra a violencia de xénero adoptado no Congreso dos Deputados e o Senado, cuxa aprobación culminou o 27 de decembro de 2017 coa ratificación de todas as comunidades autónomas de común acordo do documento final do Pacto de Estado, que recolle no seu eixo 3 de maneira específica «O perfeccionamento da asistencia, axuda e protección ás vítimas», prevendo para iso a potenciación dos plans de inserción laboral das mulleres vítimas, implicando activamente os axentes sociais e simplificando e mellorando os sistemas de axudas previstos actualmente.

Así, a medida 174 do documento refundido recolle: «Potenciar o plan de inserción sociolaboral para as vítimas regulado no Real decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, desenvolvendo máis extensivamente as medidas de actuación alí recollidas e prevendo, así mesmo, medidas de adaptación ás necesidades individuais das vítimas, conectándoas coas axudas económicas existentes e simplificando as condicións para acceder a estas.»

Esta resolución, enmarcada no desenvolvemento das medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero na nosa comunidade, supón un paso máis para favorecer a integración sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero en Galicia, coa articulación e desenvolvemento de medidas económicas que apoiem a súa independencia económica e persoal cando se vexan abocadas a un cambio de residencia.

Por todo o exposto, unha vez obtidos os informes preceptivos na tramitación, en uso das atribucións que me foron conferidas,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto, finalidade e ámbito de aplicación*

1. O obxecto desta resolución é establecer as bases que rexerán a concesión de subvencións destinadas a facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres vítimas de violencia



de xénero cando, a causa desa situación de violencia, se viran obrigas a cambiar a súa residencia habitual como consecuencia da súa contratación por conta allea ou establecemento por conta propia.

2. A finalidade das axudas é proporcionarlle apoio económico ás mulleres que sufriron violencia machista e apoialas no comezo dunha nova vida ou situación libre de violencia.

Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as ditas axudas para o ano 2022.

3. Considerarase que existe mobilidade xeográfica cando, como consecuencia da contratación por conta allea ou polo establecemento por conta propia, se produza un traslado efectivo da residencia habitual na Comunidade Autónoma de Galicia a outra localidade de destino que se atope a máis de 50 quilómetros da localidade de orixe.

Subvencionarase a mobilidade xeográfica dentro da Comunidade Autónoma de Galicia ou ben desde a Comunidade Autónoma de Galicia a outras localidades situadas dentro do territorio español.

4. As axudas recollidas nesta resolución recoñeceranse cando o traslado se producira con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2020.

5. O código do procedemento correspondente a estas axudas é o SI451B.

6. O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo a cal as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación cando, polo obxecto e pola finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da mesma lei.

Artigo 2. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta resolución as mulleres vítimas de violencia de xénero que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que acrediten a súa situación por calquera dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.



En todo caso, a documentación acreditativa da situación de violencia de xénero debe estar emitida no prazo dos 24 meses anteriores ao cambio de residencia.

Para os efectos desta resolución tamén terán a condición de vítima de violencia de xénero as mulleres que padeceran violencia vicaria ou violencia por interpósita persoa.

b) Que teñan cesado a relación de convivencia co seu agresor.

c) Que a media dos ingresos brutos mensuais da solicitante non supere o límite do importe de 3,5 veces o IPREM vixente nos 6 meses anteriores á data de presentación da solicitude.

Unicamente se terán en conta as rendas ou ingresos de que dispoña ou poida dispoñer a solicitante da axuda, sen que se computen para estes efectos as rendas ou ingresos doutros membros da unidade familiar que convivan coa vítima.

Artigo 3. *Prazo e solicitude*

1. O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de novembro de 2022.

De acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o prazo de presentación de solicitudes de subvencións establecidas nas correspondentes convocatorias en ningún caso será inferior a un mes.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, asinado pola persoa solicitante ou pola persoa representante legal, de ser o caso.

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 4. *Orzamento*

1. Para a concesión destas subvencións destínase crédito polo importe de 40.000 euros na aplicación orzamentaria 11.02.313D.480.2, código de proxecto 2018 00112.



O financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para 2022.

2. Este crédito poderá ser ampliado cando o aumento veña derivado dalgún dos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento de crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade deste como consecuencia das circunstancias sinaladas no antedito artigo.

Artigo 5. *Tipos e contía das subvencións*

Serán subvencionables os seguintes tipos de subvencións:

1. Gastos de desprazamento.

Esta subvención destinarase a cubrir os gastos de desprazamento da beneficiaria, así como os dos familiares ao seu cargo que convivan con ela, desde a localidade de orixe ao da nova residencia. Cando o desprazamento se realice en liña regular de transporte público, a contía máxima da axuda será o importe do billete ou pasaxe dentro da tarifa correspondente á clase segunda, turista ou equivalente. Se se utiliza para o desprazamento o vehículo particular, a contía máxima da axuda será a establecida para o efecto nas administracións públicas como indemnización por uso de vehículo particular (0,19 €/km) a que se engadirá o importe das peaxes que se xustifiquen.

2. Gastos de transporte de mobiliario e enseres.

Esta subvención destinarase a cubrir os gastos polo traslado de mobiliario e enseres desde a localidade de orixe á do novo destino na contía do custo do dito traslado, ata un máximo de 4 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) mensual vixente. En ningún caso o importe da axuda poderá superar o custo total da actividade subvencionada.

3. Gastos de aloxamento.

Esta subvención destinarase a cubrir os gastos xerados polo aloxamento, incluíndo o alugueiro ou adquisición de vivenda, ou outros gastos de hospedaxe da beneficiaria e dos familiares ao seu cargo que convivan con ela, na localidade de novo destino durante os doce primeiros meses de vixencia do contrato de traballo ou das súas modificacións e polo traballo realizado por conta propia. A contía máxima da axuda será de 10 veces o indicador



público de renda de efectos múltiples (IPREM) mensual vixente. Para o cálculo da contía que se vai aboar multiplicarase o número de días en que a muller permanecese traballando por conta allea ou propia na nova localidade polo indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) diario. En ningún caso o importe da axuda poderá superar o custo total da actividade subvencionada.

4. Gastos de gardaría e de atención a persoas dependentes.

Esta subvención destinarase a cubrir os gastos por asistencia a gardarías ou centros de ensinanza durante o primeiro ciclo de educación infantil dos/das fillos/as das beneficiarias que dependan economicamente dela ou por atención das persoas dependentes ao seu cargo, ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade, xerados durante os doce primeiros meses de vixencia do contrato, ou das súas modificacións, e polo traballo realizado por conta propia na nova localidade. A contía máxima da axuda será de 4 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) mensual vixente con independencia do número de fillos ou persoas dependentes ao seu cargo. Para o cálculo da contía que se vai aboar multiplicarase o número de días en que a muller permanecese contratada por conta allea ou propia polo indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) diario. En ningún caso o importe da axuda poderá superar o custo total da actividade subvencionada.

Artigo 6. *Documentación complementaria*

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

1. Documentación común para todas as subvencións:

a) Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero por calquera dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

b) Documentación que acredite os ingresos declarados no anexo I da persoa solicitante (nóminas, recibos ou calquera outro documento acreditativo).

c) Copia do libro de familia, certificación expedida polo Rexistro Civil ou calquera outro documento que acredite fidedignamente a relación materno filial e de parentesco coa persoa familiar dependente, se é o caso.

d) Certificado histórico de empadramento.



e) Contrato de traballo ou documento acreditativo da contratación onde se indique a data de inicio e data fin.

f) Documento de alta no réxime especial de traballadores autónomos (modelo 036 ou 037).

2. Documentación específica para cada tipo de subvención.

2.1. Documentación para a axuda de gastos de desprazamento:

a) Billete/s, pasaxe/s e peaxes, se é o caso, e xustificante/s do seu pagamento.

2.2. Documentación para a axuda de gastos de transporte de mobiliario e enseres:

a) Facturas acreditativas do gasto realizado no transporte de mobiliario e enseres e documentos acreditativos do seu pagamento.

2.3. Documentación para a axuda de gastos de aloxamento:

a) Facturas ou recibos correspondentes aos gastos derivados da hospedaxe, así como a documentación acreditativa do seu pagamento, se é o caso.

b) Contrato de alugueiro e documentos acreditativos do seu pagamento, se é o caso.

c) Contrato de compravenda de vivenda, se é o caso.

2.4. Documentación para a axuda de gastos de gardarías e de atención a persoas dependentes:

a) Facturas correspondentes a gardarías e centros de ensinanza e documentación acreditativa do seu pagamento, se é o caso.

b) Facturas correspondentes aos gastos derivados do coidado de persoas dependentes e documentación acreditativa do seu pagamento, se é o caso.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os



ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada. De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. As solicitantes deberán comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación que se produza nos datos indicados na súa solicitude ou en calquera dos documentos que a acompañan. Esta variación comunicarse no momento en que se produza, co fin de axilizar a instrución do procedemento.

Artigo 7. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:



- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Certificado de residencia legal da persoa solicitante estranxeira.
- d) Certificado de datos de residencia con data de última variación.
- e) Informe de vida laboral dos últimos 12 meses.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 8. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 9. *Instrución*

1. A instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral da Igualdade. Este proceso efectuarase de forma continuada segundo a orde de recepción de solicitudes.

2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións xulgue necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a resolución.



3. De conformidade co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na resolución de convocatoria, a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero requirirá a interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que, se non o fixer, se lle terá por desistida da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A documentación requirida para emenda da solicitude deberá ser presentada na forma que se determina no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, e sempre que sexa preciso, a Secretaría Xeral da Igualdade requiriralles ás solicitantes que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

5. O órgano instrutor, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para as axudas concedidas polo procedemento previsto no artigo 19.2 desta lei, unha vez comprobada a concorrencia dos requisitos exixidos formulará a proposta de concesión directamente ao órgano concedente.

6. As solicitudes que non cumpran as exixencias contidas nesta resolución ou na normativa de aplicación, que non conteñan a documentación necesaria ou, de ser o caso, non a presenten nos modelos normalizados, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta. En todo caso, non se admitirán a trámite e procederá ao seu arquivamento sen posibilidade de emenda as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na correspondente convocatoria.

Artigo 10. *Resolución e notificación*

1. A resolución dos expedientes de solicitude destas axudas correspóndelle á secretaria xeral da Igualdade.

2. O procedemento de concesión segue o réxime de concorrencia non competitiva, polo que se recoñecerán axudas ata o esgotamento do crédito orzamentario. Unha vez



esgotado o crédito, o órgano xestor deberá publicar o esgotamento da partida orzamentaria e a inadmisión de posteriores solicitudes.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres meses, que se computarán desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, esta entenderase desestimada, de conformidade co disposto no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3. No caso de optar pola notificación en papel, practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 12. Réxime de recursos

1. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a Secretaría Xeral da Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no mesmo diario oficial.

2. As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro desta resolución poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a Secretaría Xeral da Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución se esta for expresa.

Artigo 13. Pagamento das axudas

1. O pagamento da axudas axustarase ao establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso das axudas de gastos de aloxamento e gastos de gardaría e de atención a persoas dependentes, a contía da axuda concedida aboaráselle ás persoas beneficiarias, ou ben nun pagamento único ou ben en pagamentos sucesivos a medida que presenten as solicitudes e a documentación xustificativa para o seu pagamento.

2. O pagamento das axudas reguladas nesta resolución farase unicamente na conta que as persoas solicitantes fagan constar na solicitude, que debe permanecer activa para estes efectos mentres non se teña constancia da finalización do expediente; a Administración non se fai responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas directamente imputables ás solicitantes.

Artigo 14. Obrigas das persoas beneficiarias

Son obrigas das persoas beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial as seguintes:



1. Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

2. Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. Así mesmo, teñen a obriga de comunicar calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento respecto das circunstancias que fundamentan o dereito a percibir estas axudas, de someterse ás actuacións de comprobación que acorde a Secretaría Xeral da Igualdade e de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Artigo 15. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión ou, de ser o caso, á revogación sen prexuízo do disposto no segundo parágrafo do artigo 16.

Artigo 16. *Reintegro*

1. Procederá a devolución íntegra das cantidades percibidas cando se obtivese a axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou se falseasen ou ocultasen feitos ou datos que motivaran a súa concesión. Para a tramitación do expediente declarativo de reintegro haberá que atermos ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da axuda concedida, mediante o seu ingreso na conta operativa



do Tesouro da Xunta de Galicia, que lle será facilitada polo órgano xestor, en concepto de devolución voluntaria da subvención. Neste caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da axuda concedida.

Artigo 17. *Incompatibilidades*

1. Coa excepción establecida no punto 2 deste artigo, as subvencións reguladas nesta resolución son incompatibles coa percepción doutra indemnización establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, destinadas ao mesmo fin e en relación ao mesmo feito causante. Así mesmo, esta axuda é incompatible coa axuda para cambio de residencia prevista na disposición transitoria primeira do Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego.

2. As axudas de indemnización establecidas nesta resolución son compatibles coas axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, así como con calquera outra axuda económica de carácter autonómico ou local concedida pola situación de violencia de xénero.

Artigo 18. *Transparencia e bo goberno*

1. A concesión destas axudas non será obxecto de publicidade, en aplicación do disposto no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 17.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2. De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase transmitir á Base de datos nacional de subvencións o texto da convocatoria e a información requirida pola dita base de datos.

3. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, de ser o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no punto 4 do citado artigo.



Artigo 19. Información ás persoas interesadas

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código SI451B, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Igualdade, nas unidades administrativas de igualdade das xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade; a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos> ou da Secretaría Xeral da Igualdade, <https://igualdade.xunta.gal>, no teléfono 981 54 53 61/981 95 72 68 ou no enderezo electrónico vx.igualdade@xunta.gal

Artigo 20. Infraccións e sancións

As persoas beneficiarias estarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións nesta materia establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

Artigo 21. Remisión normativa

En todo o non previsto nesta resolución aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e demais normativa de aplicación.

Disposición adicional única. Facultade de desenvolvemento

A secretaria xeral da Igualdade ditará as instrucións necesarias para o adecuado desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2022

Susana López Abella
Secretaria xeral da Igualdade




**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO I

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS MOBILIDADE XEOGRÁFICA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO SI451B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

 EXPEDIENTE
 SI451B 2022/

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR			<input type="text"/>			
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
DATA DE NACEMENTO	NACIONALIDADE						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

 Electrónica, a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>
 Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

 Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR			<input type="text"/>			
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				


DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

SUBVENCIÓN/S SOLICITADA/S

- Subvención gastos de desprazamento
- Subvención gastos de traslado de mobiliario e enseres
- Subvención gastos de aloxamento
- Subvención gastos de gardaría e de atención a persoas dependentes


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: deb6z3x2-4f30-7ou2-dlus4-xmfv6kmglt6


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


CENTRO DE REFERENCIA PARA A XESTIÓN DA SÚA SOLICITUDE (CIM, servizos sociais, centro de acollida, etc.)

NOME DO CENTRO

TELÉFONO

--	--

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Ingresos brutos da persoa solicitante nos 6 meses anteriores á presentación da solicitude:

Procedencia das rendas	Perceptora	Concepto	Contía total nos últimos seis meses
1) Rendementos mensuais, íntegros, do traballo da persoa solicitante			

Se non houber, indíquese "NINGÚN"

2. En relación con outras axudas concedidas e/ou solicitadas:

Que o conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, son as que se relacionan a seguir:

- Non solicitou nin lle foron concedidas outras axudas para a mesma finalidade
 Si solicitou e/ou se lle concederon as seguintes axudas para a mesma finalidade:

Concepto da axuda	Organismo	Data da solicitude	Data de concesión	Importe

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración ata a resolución da solicitude.

 3. Que con data iniciouse unha actividade por conta propia allea

 Con centro de traballo na localidade de

 Que o seu domicilio de orixe é localidade de CP:

 Que o seu domicilio de destino é localidade de CP:

4. Declara baixo a súa responsabilidade (marque cun X)

 Ter cesado a relación de convivencia co seu agresor

 Non ter percibido a axuda para o cambio de residencia do Real decreto 1369/2006 polo que se regula o programa da renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego

5. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos, así como que a persoa solicitante é titular única ou compartida da conta bancaria con persoa distinta do agresor.
6. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
7. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
9. Que se compromete a comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación que se produza nos datos indicados na súa solicitude ou en calquera dos documentos que a acompañan, antes da resolución da solicitude.
10. Que está de acordo coas actuacións de seguimento e control destas axudas que leve a cabo o órgano concedente.
11. Que asume as obrigas que lle veñen impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as demais previstas nas bases reguladoras desta axuda.
12. Que está ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)

13. Que a persoa solicitante dá expresamente o seu consentimento para que a Secretaría Xeral da Igualdade complete o expediente administrativo e para a realización das comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos ou documentos achegados, así como a súa cesión a outras administracións públicas coa única finalidade de control da xestión da axuda.
14. Que a persoa solicitante dá expresamente o seu consentimento para a comunicación que se determine por parte da Secretaría Xeral da Igualdade en relación co centro de referencia indicado pola persoa solicitante, para a xestión da súa solicitude, así como o seguimento e control da axuda, se é o caso.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
DOCUMENTACIÓN COMÚN A TODOS OS TIPOS DE AXUDAS

- Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero por calquera dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Documentación que acredite os ingresos declarados no anexo I da persoa solicitante (nóminas, recibos ou calquera outro documento acreditativo)
- Copia do libro de familia, certificación expedida polo Rexistro Civil ou calquera outro documento que acredite fidedignamente a relación materno filial e de parentesco co familiar dependente, se é o caso
- Certificado histórico de empadramento
- Contrato de traballo ou documento acreditativo da contratación onde se indique a data de inicio e fin
- Documento de alta no réxime especial de traballadores autónomos (modelo 036 ou 037)

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA POR TIPO DE AXUDA
Documentación para a axuda de gastos de desprazamento

- Billete/s pasaxe/s e peaxes, se é o caso, e xustificantes do seu pagamento

Documentación para a axuda de gastos de transporte de mobiliario e enseres

- Facturas acreditativas do gasto realizado no transporte de mobiliario e enseres e xustificante do seu pagamento

Documentación para a axuda de gastos de aloxamento

- Facturas, recibos correspondentes aos gastos derivados da hospedaxe, así como os documentos acreditativos do seu pagamento, se é o caso.
- Contrato de alugueiro e documentos acreditativos do seu pagamento, se é o caso
- Contrato de compravenda de vivenda, se é o caso

Documentación para a axuda de gastos de gardaría e de atención a persoas dependentes

- Facturas correspondentes a garderías e centros de ensinanza e documentos acreditativos do seu pagamento, se é o caso
- Facturas correspondentes aos gastos derivados do coidado de persoas dependentes e documentos acreditativos do seu pagamento, se é o caso

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de residencia legal da persoa solicitante estranxeira	<input type="checkbox"/>
Certificado de datos de residencia con data da última variación	<input type="checkbox"/>
Informe de vida laboral dos últimos 12 meses	<input type="checkbox"/>




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE**
**ANEXO I
(continuación)**
INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Secretaría Xeral da Igualdade
Finalidades do tratamento	Xestión e concesión de subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres vítimas de violencia de xénero. A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais a través da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como toda aquela indicada na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, e nas referencias recollidas en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos . Se é o caso, consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	Aos organismos competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou resulte accesible a través dos seus sistemas que sexa estritamente necesaria, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. En particular, poderá levar a cabo as seguintes comunicacións de datos: A outras administracións públicas estatais, autonómicas e locais no exercicio das súas competencias, coa finalidade de permitir a comprobación da súa condición de beneficiaria desta axuda, así como para a xustificación da súa concesión ante os seus organismos financeiros. Ao centro de referencia sinalado pola persoa solicitante (CIM, servizos sociais, centro de acollida, etc.), para a xestión da concesión da axuda, incluíndo a verificación do cumprimento dos requisitos exixidos para a percepción da axuda, o cumprimento das obrigas, e como medio de contacto coa persoa beneficiaria. Á Base de datos nacional de subvencións de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto coa persoas delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 12 de agosto de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres vítimas de violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento SI451B).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Secretaría Xeral da Igualdade


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>
